

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/23	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de xaneiro de 2021
Duración	Desde as 20:33 ata as 21:23 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

Concello da Estrada



	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión felicitando a todos os presentes por esta festa do Nadal e desexando unha feliz entrada de ano, procedendo a continuación á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 21 DE DECEMBRO DE 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 21 de decembro de 2020, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se hai algunha moción de urxencia que queira presentar os grupos políticos municipais e, non habendo, procédese a continuar coa orde do día

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE DECEMBRO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 15 de decembro de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





2020-1469 ao número 2020-1552 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen comeza trasladando os seguintes rogos:

- Advirte que no camiño que descende dende a estrada nacional ao lugar de O Barco, parroquia de Couso, ten os desaugadoiros atorados, producindo que a auga transcorra polo firme do camiño e, como consecuencia, produce o deterioro do seu firme; e, en varias ocasións o seu grupo reclamou que se fixeran actuacións para solucionar este problema, sen que a día de hoxe se acometeran co conseguinte malestar dos veciños, polo que prega que dunha vez sexa arranxado este problema e sexa repostado o firme do nomeado vial.
- Prega que o Concelleiro do Rural acuda ao lugar de A Carballeira, parroquia de A Somoza, despois das peticións feitas polos veciños desta zona e que reclaman a súa presenza.

A continuación formula varias preguntas: en primeiro lugar quere saber se se avanzou no expediente correspondente ao plan de valorización da ponte medieval de Pontevea.

O **Sr. Alcalde** responde que se fixo un primeiro estudo das actuacións a acometer, o cal remitiuse á Consellería de Cultura, estando pendente a celebración dunha reunión co Conselleiro para fixar a data de inicio das primeiras actuacións, previo Convenio, e consistentes na limpeza, acondicionamento e iluminación da ponte, esperando que no primeiro trimestre deste ano sexa asinado o nomeado convenio.

Continua o **Sr. López Bueno** manifestando que a cobertura de televisión en Codeseda e outras parroquias segue estando no mesmo estado deficiente dende o pasado mes de novembro, polo que pregunta se dende o Concello se fixo algunha xestión para solucionar este problema.

Responde o **Sr. Alcalde** que dende o Concello se puxo en contacto cos propietarios das fincas cuxa vexetación afectaba á remisión da sinal de televisión e, a día de hoxe, estase intentando mediar entre as partes en conflito, pero di que o propietario dunha das fincas non está pola labor de podar ás árbores existentes e, ademais, esta finca non está afectada por ningunha das causas fixadas na Lei de Montes para a súa poda e limpeza. Espera que se poida resolver o problema mediante o diálogo sen acudir a un expediente moito máis complexo.

O **Sr. López Bueno**, ao abeiro das últimas manifestacións do grupo de goberno sobre que non se poderán destinar os fondos EDUSI para a reforma da Praia Fluvial, quere facer notar que, segundo os plans do goberno municipal, existe no expediente de planificación da EDUSI unha actuación para acondicionamento dos camiños ou sendas fluviais, entendendo que os problemas que evitaron destinar estes fondos á Praia Fluvial tamén afecten a esta última actuación, xa que a maioría dos terreos polos que van a descorrer esas sendas non son de titularidade municipal, senón de Augas de Galicia e de particulares; polo anterior, quere deixar constancia desta situación para que o grupo de goberno tome as medidas pertinentes.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 6ZJ5PXPpA6LT24PXEYF5RLPA | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8



Tocante ao tema da “demografía”, os datos a 1 de xaneiro de 2020 son negativos, e na presentación da miscelánea o Sr. Alcalde presentaba o Censo municipal e a súa evolución no ano 2020, polo que pregunta se se lle pode dar un dato máis preciso sobre cal foi a evolución do Padrón municipal neste derradeiro ano.

O **Sr. Alcalde** di que os datos do Padrón péchanse a 31 de decembro do ano en curso, habendo un prazo para que o INE valide ditos datos e, posteriormente, publícanse no último trimestre do ano seguinte; neste caso os datos foron publicados polo INE a 31 de xaneiro, informando que está moi pendente mes a mes da evolución do noso Censo, observando un incremento da poboación mes a mes, unha parte importante debido á actual situación sanitaria, xa que moitas persoas buscan vivir no rural.

En canto aos datos actualizados a 31 de decembro de 2020 (14:00 horas), a cifra estaba en torno a 20.430 habitantes, aproximadamente, observándose un incremento entorn a 60 ou 70 persoas, un aumento no número de nacementos preto de 130 e unha baixa nas defuncións. Ante o anterior, obsérvase un incremento poboacional, o que provoca que se sexa optimista e que para este ano que ven o Padrón vaia incrementándose e cese os datos negativos de anos anteriores, aínda que non se pode baixar a garda e seguir traballando nesa liña, tendo como reto neste ano que estreamos a creación da Comisión de Reto Demográfico, esperando que nela se estude o establecemento de medidas para acadar un aumento da nosa poboación, ou ben eliminar as causas que provocan o seu descenso, esperando que sexa convocada neste mes e así, entre os distintos grupos políticos municipais, establecer as medidas necesarias para acadar este fin; a este respecto, informa que houbo algún particular que se mostrou interesado en participar na devandita Comisión e así poder facer aportacións, polo que haberá que buscar a forma de que esa persoa poida participar neste órgano.

Finamente di que temos unha gran oportunidade de revertir esta situación e volver a unha senda de crecemento e fixar a poboación no rural, aproveitando os recursos que virán de distintos fondos europeos e, dende logo, acertar nas medidas a aplicar.

O **Sr. López Bueno** lembra que a celebración da Comisión de Reto Demográfico debería de celebrarse ao longo deste mes de xaneiro, xa que se estableceu a súa convocatoria cada seis meses, crendo que está prevista a participación de persoas alleas a este órgano. Remarca que na primeira sesión celebrada emprazouse aos membros da Comisión a outra sesión que sería convocada no mes de setembro, sen embargo non se chegou a celebrar. Considera que é importante empezar a traballar o antes posible.

Noutro orde, continúa trasladando as queixas dos veciños da Avenida de Santiago polo mal estado desta rúa e dos seus servizos; a este respecto, di que o grupo de goberno anunciou que están a tomar todas as medidas posibles para poder solución á situación referente ao firme desta estrada, pero o que botaba en falta é que se fixara un horizonte temporal para acometer esa actuación, polo que pregunta se estes traballos faranse dentro deste ano 2021.

O **Sr. Alcalde** responde que a idea é que, unha vez pasado o inverno e antes do verán, ter executada esa actuación, pero hai que estudar moi ben a forma, xa que intentouse arranxar o firme desta rúa no ano 2014, ao mesmo tempo que se solucionou o problema da rede de saneamento, o que supuxo unha inversión moi importante, sen embargo o aglomerado durou pouco; polo que non podemos permitirmos a facer de novo este tipo de actuación cando sabemos que a súa duración será curta, polo que hai que valorar distintas alternativas.

En relación coa actual situación epidemiolóxica, o **Sr. López Bueno** pregunta se existe algunha información sobre as eventuais medidas que tomará proximamente



o Comité Clínico e que afectarían ao noso Concello.

Contesta o **Sr. Alcalde** que non ten ningún tipo de información ao respecto, pero tendo en conta que A Estrada está co número de maior contaxiados e que implica o nivel máximo, teme que estaremos sometidos a unhas medidas duras, pero reitera que non sabe cal é o nivel exacto de restricións.

Sr. López Bueno finaliza denunciando a situación de abandono na que se atopan algúns vehículos estacionados no casco urbano, concretamente na Avda de Marín, na Avda Benito Vigo (onde a Lenno'n), en Matalobos, etc.; a este respecto é sabedor que existía un Convenio coa Deputación de Pontevedra para a retirada de vehículos en estado de abandono, polo que insta ao grupo de goberno para que faga as xestións pertinentes, en aplicación do nomeado Convenio, para a retirada dos mencionados coches, xa que non só é a mala imaxe que dan, senón os problemas que causan aos veciños que viven nas respectivas rúas nas que se atopan.

O **Sr. Alcalde** informa que durante esta semana foron retirados algúns destes vehículos, xa que a Policía Local coñecía a algúns dos seus propietarios, polo que se lles requiriu para que procederan á súa retirada; en canto a aqueles que están por causa de orde xudicial ou ben porque de descoñecen aos seus propietarios, hai que iniciar un trámite complexo que levaría sobre 6 ou 8 meses xa hai que comunicalo a Tráfico, facer publicacións nos boletíns oficiais, etc, porque o Convenio coa Deputación afecta á retirada dos vehículos pero non aos trámites previos do procedemento administrativo, pero toma nota dos casos relacionados polo voceiro do partido socialista e informa que se está por parte da Policía Local tramitando os expedientes correspondentes.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando a queixa do veciño D. José E. López García pola mala cobertura de televisión no lugar de Abragán, o cal acudiu a trasladar este problema ao Concello e, finalmente, remitiu un escrito á oficina técnica da TDT de Galicia o cal lle respondeu que a extensión da TDT e de titularidade municipal, polo que é o Concello da Estrada o responsable, recomendándolle que se dirixan a este para que solucionen o seu problema, ademais lle informan que non lles consta que a día de hoxe o noso Concello lles solicitara algunha actuación ao respecto. Polo anterior, entende que o grupo de goberno debe de axilizar a solución a esta problemática porque os veciños afectados teñen dereito a gozar deste servizo de televisión ao completo.

O **Sr. Alcalde** reitera a mesma explicación que sobre este tema lle contestou ao voceiro do grupo socialista, aclarando que o repetidor foi colocados fai catro anos polo Concello e o problema non está na instalación, senón nas plantacións dalgunhas fincas limítrofes que dificultan a chegada da sinal de TDT, e se está a buscar a forma legal para esixir aos propietarios deses terreos para que poden as árbores que afectan á emisión da sinal, porque non se poden obrigar a elo, pero se está a negociar e chegar aun acordo.

A **Sra. Blanco Casais** transmite que os veciños din que cando o repetidor estaba colocado noutro sitio non había problema algún, todo comenzo dende que se cambiou a súa ubicación. De todos os xeitos, é necesario solucionarlles este problema canto antes.

O **Sr. Alcalde** aclara que o repetidor cambiouse de lugar por causa da existencia dun litixio co propietario do terreo onde estaba colocado, obrigando ao cambio da instalación.



A **Sra. Blanco Casais** continúa preguntando se o Concello está a estudar a posibilidade de adquirir a estatua do peregrino que un artista altruísta colocou na Praza da Constitución o día dos Santos Inocentes, proponendo, en caso de que se aprobe a súa adquisición, sexa colocada na parroquia de Codeseda en recoñecemento do traballo que está a facer Codeseda Viva para a dinamización do Camiño dos Arrieiros.

Responde o **Sr. Alcalde** que se lle vai a trasladar ao autor da estatua a intención deste Concello de deixala de forma definitiva na Praza como patrimonio de todos os estradenses, para elo se manterá nas vindeiras semanas unha reunión co artista e, a partir de aí, falarase da súa ubicación contando coa opinión do seu autor.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, preguntando se no plan de asfaltados está previsto o arranxo das pistas do lugar de A Torre - Guimarei, en concreto un camiño preto da Torre e que da acceso a unha vivenda sita detrás da mesma e a súa propietaria solicita saber cando se lle arranxará.

O **Sr. Alcalde** lle responde que non lle sona que estea incluído este camiño no proxecto adxudicado fai uns días e que se executará na primavera, de todos os xeitos o comprobará e llo trasladará ao técnico encargado da redacción dos proxectos; sen embargo, lle consta que esta pista está dentro da relación valorada de actuacións a facer durante este ano.

Continúa a **Sra. Camba Castro** preguntando se hai previsión para a colocación de espellos de tráfico na pista que sae dos Cebados de cara a Barbude e fronte ao CEIP Pérez Viondi.

Di o **Sr. Alcalde** que estamos a falar de dúas estradas provinciais, polo que se lle remitiu á Deputación estas solicitudes, constándolle que estiveron comprobando estes dous puntos polo que supón que pronto colocarán os espellos.

A **Sra. Camba Castro** pregunta se se ten coñecemento dun acto vandálico con perdigóns contra o panel explicativo da burga de Vilacriste e que aconteceu nestes últimos días e que destruíron este elemento informativo, ademais de que estamos falando de alguén que se adica a pegar tiros sen ningún tipo de control.

O **Sr. Alcalde** di que descoñece esta actuación, pero ordenará que a Policía vaia a ese lugar para comprobar e informar sobre ese acto vandálico.

Pregunta a **Sra. Camba Castro** sobre o estado no que se atopa a tramitación da moción do seu grupo sobre o incremento da fibra óptica no rural e aprobada en sesión plenaria, adiantando que falou con Movistar sobre este tema, a cal lle informou que ten un plan para a extensión da fibra no rural, descoñecendo a data en que emprenderán esta actuación, aínda que ben difícil facelo durante este ano. Por outra banda, tamén se lle pedía na sesión plenaria ao grupo de goberno para que instara ás compañías de telefonía que cesaran cos prezos abusivos, preguntando se isto se fixo.

O **Sr. Alcalde** responde que todos os acordos adoptados en Pleno son notificados ás partes afectadas e, polo tanto, no caso polo que se pregunta se lles mandou ás compañías telefónicas e demais órganos competentes; así mesmo e en relación coa extensión da fibra óptica no rural, informa que non ten máis noticias que aquelas que se lles trasladou na última sesión plenaria, así que a única información coa que





se conta é que o proxecto 2020-2021 que se está a levar a cabo rematará neste ano (antes do verán); e, o segundo proxecto, que daría cobertura ao 80% da poboación, está en fase de execución e aí é importante a xestión que se poida facer para que a compañía operadora actúe na Estrada; por outra banda, a Fundación Cultura está traballando, como xestor de comunicacións, e buscar alternativas para compensar a perda de clientes na rede sen fíos e, en relación a isto, se trasladará á Comisión Informativa e Pleno a información que este organismo dea.

A **Sra. Camba Castro**, en relación co anuncio da apertura de Mercadona no noso municipio, di que un veciño lle informou que esta empresa lle dixo que non tiña previsto abrir un supermercado da cadea na Estrada, polo que pregunta se se vai a abrir ou non un Mercadona.

O **Sr. Alcalde** contesta que o grupo de goberno nunca fixo de promotor de ningunha iniciativa privada nin tampouco quixo aproveitarse de ningún tipo de información, o que si se fixo foi defender un desenvolvemento urbanístico na Avenida de Pontevedra onde se poría en marcha unha actuación do novo modelo urbanístico do Plan Xeral, o cal prioriza a edificabilidade e a mellora de calidade de vida dos veciños e veciñas que vivan nese entorno; entón falábase dun proxecto urbanístico que tivera vivendas, zonas verdes, zonas libres, aparcamentos públicos, novas infraestruturas, etc, sendo este o desenvolvemento da Rúa Marín e da Avda de Pontevedra, non sendo fácil nos tempos que corren atopar un promotor para unha iniciativa desta categoría. Di que este é o obxectivo do grupo de goberno dende o ano 2014, sabendo que para que este proxecto fora viable necesitábase dun promotor do ámbito da alimentación que estivera interesado en implantarse nesta zona e dera soporte ao enorme custo económico que ten esta actuación; dende o primeiro momento eramos sabedores que a empresa promotora, que se adica a grandes infraestruturas, tiña un acordo con Mercadona, aclarando que sen ese acordo ese solo non se houbera desenvolvida xamais, porque só urbanizar esta zona custa máis de dous millóns de euros; pois, a partires de aí, se desenvolveu un proxecto que foi a aprobación dun plan parcial, a clasificación urbanística deses terreos, un proxecto de compensación, un proxecto de ocupación e un proxecto de urbanización (que recibiu licenza o 28 de decembro pasado), a partir de agora os promotores xa poden iniciar as obras de urbanización para crear, aproximadamente, un espazo para 200 vivendas, xerar máis de 5.000 m² de zonas verdes, crear máis de 140 prazas de aparcamento público, crear unha rede de servizos públicos. Continúa dicindo que hai un condicionamento de Fomento, porque a empresa promotora ten que instalar unha rotonda cun enlace coa N-640, cun investimento de tres millóns de euros e, por último, a cesión gratuíta ao Concello desa zona verde de cinco mil metros cadrados máis unha parcela dous mil cincocentos metros cadrados para usos dotacionais. A partir de aí, cando o trámite estaba avanzado, Mercadona presenta un proxecto para a construción dunha nave de uso industrial e comercial e que se está informar polos técnicos municipais e que, seguramente, terá licenza ao longo deste mes.

Polo dito, non sabe de onde lle chegou a información a ese veciño ao que facía referencia a voceira do grupo Mixto; aclara que non ten comunicación nin relación directa con Mercadona, senón que esta ten contacto coa promotora sevillana que está a levar este proxecto, sendo esta última a que ten o enlace e o contrato con Mercadona. Polo dito, non lle cabe dúbida da futura existencia deste supermercado, pero non lle pode falar de cando se ten previsto a súa apertura, aínda que a empresa promotora lle avanzou que a previsión é para o ano 2022.

A **Sra. Camba Castro** di que por todos é coñecido que o seu partido político, BNG, non está a favor de apertura de Mercadona, pero si quería dar resposta as expectativas de moitos/as veciños/as, aínda que non entende porque esta empresa





di que non ten previsto abrir na Estrada cando está a tramitar a licenza.

O **Sr. Alcalde** responde que lle parece normal que o faga por estratexia comercial e non dea a información a calquera persoa que chame, garantindo que é verdade que ten a tramitar a licenza urbanística e lle pode amosar o expediente, pero aclara que Mercadona nunca fixo pública a súa intención de instalar un dos seus supermercados na Estrada.

Por último, a **Sra. Camba Castro** traslada o rogo dun grupo importante da nosa veciñanza para que o vindeiro ano non se poña música de Nadal na rúa e, en caso de que haxa, se cambie o repertorio e non sexa tan casposo, porque temos panxoliñas en galego moi bonitas.

O **Sr. Alcalde** lle informa que o Concello non ten nada que ver coa música nas rúas do caso urbano, tan só coa autorización da colocación dos altosfalantes, sen embargo trasladará esta petición á Asociación de Comerciantes.

Non habendo máis intervencións polos voceiros dos grupos municipais, o Sr. Alcalde pregunta, en aplicación do Regulamento de Participación Cidadán, se alguén do público asistente a esta sesión quere trasladar algún rogo ou pregunta e, non habendo, procede a levantar a sesión, sendo as vinte e unha horas e vinte e tres minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 6ZJ5PXPAPA6LT24PXEYF5RLLPA | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8